



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la eliminación de la parada en Vilagarcía del tren directo de primera hora de la mañana Vigo-Madrid.**

Renfe acaba de hacer pública la reformulación de frecuencias y conexiones entre Galicia y Madrid, anunciando más plazas, más trenes y la reducción del tiempo de viaje. Sin embargo, en esta nueva programación también hay, una vez más, nuevos recortes. De esta forma, el primer tren de la mañana dejará de parar en Vilagarcía, cuando este tren les permitía llegar antes a su destino e incluso regresar en el día.

En consecuencia, Vilagarcía se quedará con sólo dos servicios directos, el primero de los cuales sale de Vigo a las 9:44 horas, pero no llega a Madrid hasta las dos de la tarde. Si Renfe no rectifica su previsión, el tren de las 6:36 horas que permitía a los ciudadanos llegar a su destino a las 10:34 horas, permitiéndoles realizar sus gestiones por la mañana y regresar al final del día, desaparecerá.

Todo parece indicar que la única ventaja de eliminar esta parada es ahorrar cinco minutos de viaje, cuando implica dejar sin conexión no sólo a Vilagarcía, con una población de casi 38.000 habitantes, sino a toda su área de influencia que comprende la comarca de O Salnés, pero también Caldas-Baixo Umia e incluso El Barbanza. Vilagarcía será la única de las tres grandes estaciones de Pontevedra que verá reducidas sus conexiones con Madrid a partir del 9 de junio, sacrificando el llamado «tren de los madrugadores».

En definitiva, la eliminación de esta parada supone un enorme retroceso en las conexiones ferroviarias que dan servicio a las 150.000 personas que residen en su área de influencia, por lo que el Ministerio de Transportes y Renfe deben rectificar su planificación para que no suponga, en ningún caso, una merma de los servicios existentes. Además, es necesario seguir incrementando las conexiones ferroviarias, no sólo con Madrid, sino para la comunicación entre las distintas localidades gallegas y para construir una red de cercanías ahora inexistente.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al**



## **Gobierno:**

1. ¿Rectificará Renfe su horario y mantendrá la parada en Vilagarcía del llamado «tren de los madrugadores» de las 6:36 horas de madrugada que presta un importante servicio en las conexiones de la localidad y toda su área de influencia con Madrid?
2. ¿Cómo se puede justificar la reducción de servicios y la eliminación de una frecuencia que atiende a una población potencial de aproximadamente 150.000 personas?
3. ¿Está usted de acuerdo en que mantener el tren de primera hora facilita hacer viajes de ida y vuelta en el mismo día que serán imposibles con el nuevo horario?
4. ¿Entra en las previsiones del Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible aumentar los servicios ferroviarios en Vilagarcía para mejorar las conexiones, no sólo con Madrid, sino con el resto de ciudades y pueblos de Galicia?
5. ¿Cuáles son las previsiones de ampliación de servicios y frecuencias de la estación de Vilagarcía?

Madrid, 16 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

16 MAY. 2025 12:05:11

Entrada **68820**

## Sobre a eliminación da parada en Vilagarcía do tren directo de primeira hora da mañá Vigo-Madrid

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á eliminación da parada en Vilagarcía do tren directo de primeira hora da mañá Vigo-Madrid.**

Renfe vén de facer pública a reformulación de frecuencias e conexións entre a Galiza e Madrid, anunciando máis prazas, máis trens e redución do tempo de viaxe. Porén nesta nova programación tamén existen, máis unha vez, novos recortes. Así, Vilagarcía, perderá o primeiro tren da mañá que permitía chegar máis cedo ao destino e, mesmo, volver no día.

En consecuencia, Vilagarcía quedará só con dous servizos directos, sendo o primeiro o que sae de Vigo ás 9:44 h de Vigo, pero que non chega a Madrid até as dúas da tarde. Desaparecerá, se Renfe non rectifica a súa previsión, o tren das 6:36h que permitía chegar a destino ás 10:34, o que permitía realizar xestións pola mañá e logo regresar a última hora do día.

Todo parece indicar que a única virtualidade de eliminar esta parada é o aforro de cinco minutos de viaxe, cando implica deixar sen conexión non só a Vilagarcía, cunha poboación de case 38.000 habitantes, senón a toda a súa área de influencia que inclúe a comarca do Salnés, pero tamén a Caldas-Baixo Umia e mesmo á Barbanza. Mais será a única das tres grandes estacións de

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

16 MAY. 2025 12:05:11

Entrada **68820**



Pontevedra que verán diminuídas as súas conexións con Madrid a partir do 9 de xuño sacrificando o chamado tren madrugador.

En definitiva, a eliminación desta parada implica un enorme retroceso nas conexións ferroviarias que dan servizo ás 150.000 persoas que residen na súa zona de influencia, por tanto, o Ministerio de Transportes e Renfe, deben rectificar a súa planificación para que non implique, en ningún caso unha diminución dos servizos xa existentes. É máis, debe seguir a incrementar as conexións ferroviarias, non só con Madrid, senón para a comunicación das distintas vilas e cidades galegas e para unha rede de cercanías agora inexistente.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:**

1. Rectificará Renfe a súa programación e manterá a parada en Vilagarcía do chamado tren madrugador das 6:36h que presta un servizo importante nas conexións da vila e de toda a súa área de influencia con Madrid?
2. Como pode xustificarse a redución de servizos e a eliminación dunha frecuencia que da servizo a unha poboación potencial de preto de 150.000 persoas?
3. Comparte que o mantemento do tren de primeira hora facilita os desprazamentos de ida e volta no mesmo día que quedarían imposibilitados coa nova programación?
4. Entra nas previsións do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel incrementar os servizos ferroviarios en Vilagarcía para mellorar as conexións, non só con Madrid, senón co resto de cidades e vilas da Galiza?



5. Cales son as previsión se ampliación de servizos e frecuencias para a estación de Vilagarcía?

Madrid, a 16 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**